



PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CELEBRACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMACIÓN PARA Á RECUALIFICACIÓN FORA DO SECTOR DO METAL E AUXILIAR DO NAVAL DO PROXECTO FEAG- EMPREGANAV

1. ANTECEDENTES

O proceso de globalización que afecta á economía en xeral, estivo e está a ter unha especial repercusión no sector do metal e auxiliar do naval en Galicia

Conscientes desta situación, pola Xunta de Galicia deseñouse o proxecto **Empreganav**, sendo os seus beneficiarios, as persoas desempregadas provenientes de empresas de Galicia do CNAE 25, de Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo, presentándose en data 28 de decembro de 2011 unha solicitude, EGF/2001/019 ES/Galicia Metal, de cofinanciamento deste proxecto ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (en adiante FEAG) (Regulamento CE N.º 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización) e o 25 de outubro de 2012 ditouse Decisión do Parlamento Europeo e do Consello Europeo relativa á mobilización do FEAG para proporcionar o importe solicitado de 2.029.235 €, posteriormente ratificada pola Decisión da Comisión Europea de 14.11.2012.

Na actualidade o Proxecto FEAG da Industria da Construción Naval en Galicia, **Empreganav**, está sendo executado de forma conxunta pola Xunta de Galicia, en colaboración cos axentes sociais participantes na mesa sectorial do sector naval do Diálogo Social en Galicia: a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia- ASIME, a Federación de Industria de CCOO Galicia, e a Federación de Industria, Metal, Construción e Afíns de UGT, MCA-UGT.

Ademais, conta coa participación da Fundación Galega do Metal- FORMEGA, entidade sen ánimo de lucro, formada polo tres axentes sociais do sector, e que ten como misión mellorar a formación e a cualificación dos profesionais do sector do metal de Galicia.



Para levar a cabo o proxecto **Empreganav**, deseñouse un **Plan Integrado de Medidas** feito a medida dos traballadores/as afectados do sector, nas que son acompañados persoal e individualmente nun proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinserción no mercado laboral. Este proceso comprende varias fases, que van dende a acollida e diagnóstico inicial, medidas de sensibilización, programas de orientación, de formación, ata a inserción.

2. XUSTIFICACIÓN

Dentro do Plan integrado de Medidas do proxecto **Empreganav** recóllese a programa de formación que inclúe a formación para a recualificación profesional fora do sector, formación coa que se pretende dotar aos traballadores dunha maior empregabilidade, ben a través dunha recualificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias laborais a través de accións de formación e reciclaxe.

Tras realizar o diagnóstico individual dos usuarios do proxecto **Empreganav** e tras coñecer os novos xacementos de emprego da zona de actuación, como as novas necesidades das empresas para a súa adaptación á situación do mercado actual, que se poidan converter en oportunidades de contratación, resulta necesario impulsar o **programa de accións formativas para a recualificación en sectores distintos ao metal e auxiliar do naval**, que deberá executarse coa finalidade de alcanzar os seguintes obxectivos:

- Inserción laboral efectiva dos traballadores.
- Mellora da empregabilidade dos usuarios.
- Fomento do emprendemento e do espírito cooperativo
- Implicación dos provedores cara aos resultados esperados do proxecto, especialmente empresas e entidades con experiencia en inserción laboral en sectores distintos ao sector do metal e auxiliar do naval.

3. OBXECTIVO DA CONTRATACIÓN

O obxecto do presente prego é regular a contratación por procedemento aberto do desenvolvemento das seguintes **accións formativas para a recualificación profesional en sectores distintos ao metal e auxiliar do naval** dirixida á poboación



desempregada participante en Empreganav e que necesiten dunha formación para mellorar as súas aptitudes no mercado laboral e acadar a súa reinserción laboral:

LOTE 1

LOCALIDADE	CODIGO	TITULO	HORAS	ALUMNOS	PREZO
FERROL	IMAT21	Polimantenedor Industrial	465	15	51.880,17
VIGO	IMAT21	Polimantenedor Industrial	465	15	51.880,17
TOTAL DO LOTE 1					103.760,33

LOTE 2

LOCALIDADE	CODIGO	TITULO	HORAS	ALUMNOS	PREZO
CORUÑA	COML0110	Actividades auxiliares de almacén	210	15	15.099,17
VIGO	COML0110	Actividades auxiliares de almacén	210	15	15.099,17
TOTAL DO LOTE 2					30.198,35

A prestación dos servizos na realización destas actividades están contempladas no propio proxecto aprobado.

a. Funcións ou tarefas

As tarefas que a empresa adxudicataria deberá asumir para asegurar a organización dos seguintes lotes:

LOTE 1: Acción formativa “POLIMANTENEDOR INDUSTRIAL” terán as seguintes características:

Familia Profesional: INSTALACIÓN E MANTEMENTO

Área Profesional: ORGANIZACIÓN MANTEMENTO

Obxectivo xeral do curso: Empregar as distintas tecnoloxías no mantemento de edificios e equipamentos urbanos, a fin de lograr as competencias idóneas, propias a un mantenedor polivalente.

Relación secuencial de bloques de módulos formativos:

- Fundamentos de Mantemento Mecánico.
- Fundamentos de Mantemento Hidráulico e Neumático
- Fundamentos de Mantemento Eléctrico.
- Fundamentos de Mantemento Electrónico.



- Fundamentos de Mantemento de Aire Acondicionado e Flúidos.
- Fundamentos de Mantemento de Estructuras Metálicas.
- Fundamentos de Mantemento de Instalacións de Fontanaría.

Lugar de realización: Ferrol e Vigo

Número de alumnos: máximo 15 alumnos en cada localidade.

Duración:

Prácticas.....	260 horas
Cofecementos profesionales.....	185 horas
Evaluacións.....	20 horas
Total	465 horas

Modalidade de Impartición: Presencial

Tarefas a realizar:

- Deseño e definición dos contidos e materiais.
- Aluguer de sala e equipamentos.
- Impresión dos materiais a utilizar.
- Impartición e docencia do curso
- Prestación do servizo de titorías.
- Control de asistencia
- Elaboración dun informe final
- Pago, de ser o caso, das bolsas de desprazamentos segundo as bases que estableza a Consellería de Traballo e Benestar
- Execución do plan de inserción laboral.
- Desenvolvemento Plan de fomento do espírito cooperativo e empresarial

O adxudicatario deberá cumprir cos requisitos xerais e específicos do programa formativo completo que se adxunta como anexo 1 dos presentes pregos.



LOTE 2: Acción formativa “ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN” terán as seguintes características:

Certificado de profesionalidade: ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN

Código: COML0110

Familia Profesional: COMERCIO E MARKETING

Área Profesional: LOXISTICA COMERCIAL E XESTIÓN DO TRANSPORTE

Nivel de cualificación profesional: 1

Relación de unidas de competencia que figuran no certificado de profesionalidade:

- UC1325_1: Realizar as operacións auxiliares de recepción, colocación, mantemento e expedición de cargas en no almacén de forma integrada co equipo.
- UC1326_1: Preparar pedidos de forma eficaz e eficiente, seguindo procedimentos establecidos.
- UC0432_1: Manipular cargas con carretillas elevadoras.

Lugar de realización: A Coruña e Vigo

Número de alumnos: máximo 15 alumnos en cada localidade.

Duración de módulos formativos e de unidades formativas: 210 horas

Relación de módulos formativos e de unidades formativas:

MF1325_1: Operacións auxiliares de almacenaxe (80 horas).

MF1326_1: (Transversal) Preparación de pedidos (40 horas).

MF0432_1: (Transversal) Manipulación de cargas con carretillas elevadoras (50 horas).

MP0287: Módulo de prácticas profesionais non laborais de actividades auxiliares de almacén (40 horas).

Modalidade de Impartición: Presencial



Tarefas a realizar:

- Deseño e definición dos contidos e materiais.
- Aluguer de sala e equipamentos.
- Impresión dos materiais a utilizar.
- Impartición e docencia do curso
- Prestación do servizo de titorías.
- Control de asistencia
- Elaboración de un informe final
- Pago, de ser o caso, das bolsas de desprazamentos segundo as bases que estableza a Consellería de Traballo e Benestar
- Execución do plan de inserción laboral
- Desenvolvemento e coordinación das prácticas profesionais non laborais.

O adxudicatario deberá cumprir cos requisitos xerais e específicos do programa formativo completo que se adxunta como anexo 2 dos presentes pregos.

b. Calendario das actuacións

Os traballos obxecto da contratación deberán estar rematados antes do 31 de decembro de 2013.

c. Metodoloxía proposta e programa de traballo

A empresa licitante detallará na súa oferta técnica a metodoloxía proposta para a execución dos traballos necesarios para realizar o servizo. O traballo prestarase nos locais da empresa adxudicataria.



4. REQUISITOS MÍNIMOS DO EQUIPO DE TRABALLO

Tendo en conta o traballo que se terá que realizar, os requisitos mínimos do profesorado serán os que figuran en cada un dos programas formativos que se achegan en cada un dos anexos.

En Santiago de Compostela, a 12 de xullo de 2013.

O director xeral de Traballo e Economía

Social

Odilo Martín Rodríguez

A Subdirectora xeral de Traballo


María Coutinho Villanueva